

PROGR

AMA

DE

ACTIVIDAD

ES 2016



Concello do Porriño



biblioteca
municipal
do porriño

A tua biblioteca é
+

A biblioteca como espazo de aprendizaxe e de inserción social

Coa evolución das tecnoloxías da información e a comunicación e moi especialmente de internet, as necesidades da cidadanía e da forma na que accedemos á información cambiou. A web está trasformando o papel das bibliotecas tradicionais. Deste xeito, faise necesario reorientar os servizos das bibliotecas públicas, pasando de entendela só como centros culturais a tratalas tamén como centros sociais.

Neste contexto organízase esta programación en tres vertentes (biblioteca animadora e conservadora de saberes tradicionais; biblioteca promotora e formadora e novos saberes; biblioteca integradora e difusora de ideas), co fin de que a Biblioteca Municipal do Porriño se converta nun espazo de aprendizaxe, encontro e inserción social, e co obxectivo de acreditarse como un servizo de relevancia na sociedade actual.

Como inscribirse:

As persoas interesadas en participar en actividades que precisen inscrición previa poden realizala de xeito presencial na biblioteca .

As actividades son gratuítas e as prazas cóbrense por orde de inscrición, tendo preferencia as persoas empadroadas no Porriño.

Programación
2016

Lúa Con Luvas

Lúa ConLuvas é unha actividade de animación á lectura que se entende como unha proposta didáctica e divertida ao mesmo tempo. Esta personaxe de animación, que vai máis alá do que coñecemos como “contacontos”, é unha exploradora e viaxeira incansable que vive na Biblioteca Municipal do Porriño. Todas as semanas parte de viaxe a un país distinto, levando sempre consigo unha maleta que a acompaña nas súas aventuras, e onde garda os recordos de cada país visitado, para volver todos os xoves á biblioteca e contarlle aos nenos e nenas a forma de vivir e sentir doutros pobos do mundo.

Poboación a quen vai dirixida: público infantil.

Prazas: ata completar aforo.

de xaneiro a xuño e de setembro a decembro

OS XOVES

ás **18:30 h.**

Ciclo de charlas “Mulleres científicas”

Ciclo de charlas con mulleres científicas organizada con motivo da celebración do 8 marzo, Día Internacional da Muller.

Relatora: Dna. África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía e directora do Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Vigo.

Presenta: Dna. Soledad Girón Girón. Concelleira de Benestar e Igualdade do Concello do Porriño.

Relatora: Dna. Carmen García Mateo, catedrática de Enxeñería de Telecomunicación da Universidade de Vigo e investigadora do Centro de investigación. AtlantTIC.

Presenta: Dna. Lourdes Moure Varela. Concelleira de Educación e Xuventude do Concello do Porriño.

Relatora: Dna. Ana Ulla Miguel, Profesora Titular da Área de Astronomía e Astrofísica da Universidade de Vigo, especialista nas fases máis avanzadas da evolución estelar e nas oscilacións estelares.

Presenta: Dna. Eva Garcia de la Torre. Alcaldesa do Concello do Porriño.

Poboación a quen vai dirixida: todos os públicos.

Prazas: ata completar aforo.

xoves 3

marzo

África Gonzalez Fernandez

luns 7

marzo

Carmen García Mateo

mércores 9

marzo

Ana Ulla Miguel

de **19:00** a **21:00** h.

Obradoiros de alfabetización dixital para persoas adultas. Nivel elemental

Formación no uso das TIC.

Poboación a quen vai dirixida: persoas adultas sen ningún coñecemento sobre o uso do ordenador e de internet.

Prazas: ata 6 participantes por quenda. É necesaria inscrición previa.

Monitora: Corona Rodríguez Pérez (bibliotecaria e especialista en animación á lectura).

de **10:00** a **11:00 h.**

QUENDA 1

mércores
2/9/16/30

marzo

QUENDA 2

mércores
6/13/20/27

abril

QUENDA 3

mércores
7/14/21/28

setembro

QUENDA 4

mércores
5/19/26

outubro

mércores
2

novembro

Obradoiros de alfabetización dixital para persoas adultas. Nivel iniciación

Formación no uso das TIC.

Poboación a quen vai dirixida: persoas adultas con reducido coñecemento sobre o uso do ordenador e de internet, así como con baixo aproveitamento do acceso á información que se pode manexar coas novas tecnoloxías.

Prazas: ata 6 participantes por quenda. É necesaria inscrición previa.

Monitora: Corona Rodríguez Pérez (bibliotecaria e especialista en animación á lectura).

de **10:00** a **11:00 h.**

QUENDA 1

mércores
4/11/18/25

maio

QUENDA 2

mércores
1/8/15/22

xuño

QUENDA 3

mércores
9/16/23/30

novembro

QUENDA 4

mércores
7/14/21/28

decembro

Club de lectura infantil

Actividade encamiñada a que os/as nenos/as atopen nos libros o instrumento de desfrute que os/as anime a ler cada día. Empregaranse actividades, xogos, manualidades, etc. relacionadas coa lectura programada para conseguir aumentar a súa comprensión lectora e, ao mesmo tempo, que se divirtan co seu libro.

A biblioteca facilita un exemplar do libro programado a cada participante para que o lea na casa.

Poboación a quen vai dirixida: poboación infantil de 8 a 12 anos.

Prazas: ata 15 participantes. É necesaria inscrición previa.

Coordinadora: Corona Rodríguez Pérez (bibliotecaria e especialista en animación á lectura).

de marzo a xuño e de outubro a decembro

venres alternos

de **18:00** a **19:30** h.

Club de lectura de adultos/as

Actividade consistente na formación dun grupo de lectores/as adultos/as que se reúnen periodicamente na biblioteca co fin de comentar e intercambiar opinións sobre os libros.

A biblioteca facilita un exemplar do libro programado a cada participante para que o lea na casa.

Poboación a quen vai dirixida: poboación adulta.

Prazas: ata 15 participantes. É necesaria inscrición previa.

Coordinadora: Corona Rodríguez Pérez (bibliotecaria e especialista en animación á lectura).

de marzo a xuño e de outubro a decembro

luns alternos

de **19:00** a **20:00** h.

Grupos de conversación en inglés

Grupos guiados para practicar inglés de conversación.

Poboación a quen vai dirixida: poboación adulta cun nivel medio de inglés oral.

Prazas: ata 10 participantes. É necesario inscrición previa.

Monitora: María Platas Alonso (docente de lingua inglesa).

de **19:00** a **20:00** h.

QUENDA 1

martes

marzo

8/15/22/29

QUENDA 2

martes

maio

3/10/24/31

QUENDA 3

martes

outubro

4/11/18/25

QUENDA 4

martes

novembro

8/15/22/29

Obradoiro de escritura creativa

Obradoiro intensivo de iniciación á escritura centrada no desenvolvemento da creatividade, a experimentación literaria e o pracer de escribir.

Poboación a quen vai dirixida: poboación adulta.

Prazas: ata 15 participantes por quenda. É necesaria inscrición previa.

Imparte: Francisco Castro (escritor, editor e profesor).

QUENDA **1**

martes 5

abril

mércores 6

QUENDA **2**

martes 12

abril

mércores 13

de **19:00** a **21:00** h.

Obradoiro de iniciación á fotografía dixital

Actividade para dar a coñecer o funcionamento básico dunha cámara réflex e ensinar técnicas básicas que permitan explotar a creatividade dos/das participantes. Tamén se presentará unha aplicación informática para realizar revelado dixital.

Poboación a quen vai dirixida: poboación adulta interesada en iniciarse na fotografía dixital ou mellorar a técnica básica coa que conta.

Prazas: ata 10 participantes por quenda. É necesaria inscrición previa e non se precisa ter cámara réflex.

Monitor: Xosé Antón Fernández (fotógrafo amateur, docente en novas tecnoloxías).

QUENDA 1

venres 8/15

abril

QUENDA 2

venres 6/13

maio

de **17:00** a **21:00** h.

Safari fotográfico e exposición dos traballos realizados

Actividade complementaria do Obradoiro de iniciación á fotografía dixital na que os/as participantes saen coas súas cámaras a retratar o entorno da Biblioteca Municipal do Porriño. Unha vez reveladas e seleccionadas 2-3 fotografías por autor/ra, presentaranse nunha exposición colectiva na propia Biblioteca Municipal.

Poboación a quen vai dirixida: participantes nos obradoiros de fotografía dixital.

Prazas: ata 20 participantes.

Monitor: Xosé Antón Fernández (fotógrafo amateur, docente en novas tecnoloxías).

SAFARI +

venres 10 xuño
de 17:00 h.
a 21:00 h.

EXPOSICIÓN +

do venres 17 xuño
ao venres 1 xullo

Recital de poesía “A hostia en verso”

Poetas da hostia

A hostia en verso é un recital fóra do común. O papel do público é tan importante como o dos/das poetas. A orixinalidade da hostia en verso vén determinada por ser un espectáculo organizado coma un combate entre dous equipos de poetas. De tal forma ten moita poesía e algo de improvisación, pero sobre todo, unha importante participación do público, que cos seus votos escolle ao equipo gañador.

Poboación a quen vai dirixida: IES do Porriño.

Participan: colectivo “Poetas da hostia”.

luns 24 outubro

Obradoiro de ciencia

Obradoiro de divulgación científica co motivo da conmemoración do Mes da ciencia, en novembro.

Poboación a quen vai dirixida: poboación infantil de 8 a 12 anos.

Prazas: ata 15 participantes. É necesario inscrición previa.

Monitores/as: profesionais con experiencia.

venres 18 ^{novembro}

de **17:00** a **19:00** h.

A Hora do Código

Hora do Código é unha introdución dunha hora de duración ás ciencias da computación, deseñada para mostrar que todo o mundo pode aprender a programar e así comprender os fundamentos básicos da disciplina. A Hora do Código é un movemento global, que chega a máis de 180 países para acercar a programación de computadoras dunha forma natural, simple, intuitiva e divertida. Está organizada por code.org, unha organización pública sen fins de lucro dedicada a promover as ciencias da computación.

Poboación a quen vai dirixida: a partir de 14 anos.

Prazas: ata 15 participantes. É necesaria inscrición previa.

Imparte: Asociación “Jóvenes inventores”.

martes 13 decembro

de **19:00** a **20:30** h.

A tua biblioteca é
+



Concello do Porriño



biblioteca
municipal
do porriño

**PROGR
AMA
DE
ACTIVIDAD
ES** 2016



Concello do Porriño



biblioteca
municipal
do porriño